

# Código Cero

Nova



## Presentan unha televisión por Internet dirixida a multimillonarios

A especialista no mundo inmobiliario, Theresa Bernabé, presentou en Marbella [a súa propia canle televisiva](#) que pretende ser [a primeira televisión por Internet do mundo dirixida a multimillonarios](#), con programas nos que se pode visitar o interior dunha mansión de 24 millóns de euros, coñecer os vehículos máis caros do mundo ou dar cumprida conta da oferta hostaleira, de lecer, deportiva ou artística que sexa do interese do seu público obxectivo. Esta iniciativa quere chegar así ós membros do *club dos 4 millóns de euros* (xa que tódolos inmobles que vende Bernabé superan tal cantidade) aínda que tamén permite o acceso en aberto a calquera que sinta curiosidade por tal mundo restrinxido ós multimillonarios.